



Posicionamento da Sociedade Galega de Ornitoloxía sobre a catástrofe do Prestige

A Sociedade Galega de Ornitoloxía é unha asociación constituída en 1999 e dedicada ao estudo, divulgación e conservación das aves e os seus hábitats en Galicia, reunindo a máis dun cento de persoas dedicadas por afección ou profesionalmente á observación e estudio das aves.

A traxedia do Prestige pode considerarse a maior catástrofe ecolóxica que rexistraron as costas de Galicia. Ademais dos seus severos e persistentes impactos sociais e económicos, os efectos sobre as aves e os seus hábitats, especialmente aves mariñas e acuáticas, son aínda de incalculable alcance, pero en calquera caso de primeira orde.

Pasados tres meses dende o accidente, é un bo momento para xulgar como se fixeron as cousas, cando, ademais, se abre un horizonte de meses ou anos de efectos difusos pero persistentes no noso litoral.

1) A **Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO)** esixe, en primeiro lugar, a transparencia informativa e a veracidade que faltou nas actuacións das administracións ata o momento, provocando un pernicioso clima de desinformación, incerteza e finalmente desconfianza, en nada beneficioso para a aglutinar á sociedade fronte a un problema desta magnitude.

2) A **SGO** esixe tamén a mobilización dos medios necesarios para minimiza-los impactos sobre o noso litoral, especialmente aqueles destinados a evitar novos vertidos do Prestige e a súa chegada ás nosas costas. Respecto aos labores de limpeza do litoral afectado, a **SGO** considera que estes deben abordarse dunha forma racional, sen causar un dano adicional en medios tan sensibles e de alto valor como as zonas húmidas ou os sistemas dunares. Nestes espazos, o papel supervisor da administración galega ou estatal é de particular responsabilidade ao tratarse en gran parte dos casos de espazos protexidos, propostos para formar parte da Rede Natura 2000 ou pertencentes ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia. Algúns dos labores de limpeza realizados ata a data de hoxe, carecen do máis mínimo sentido para conservar o medio ó que teoricamente se está defendendo. Non será posible, nin agora nin nunca, limpar todos os metros de acantilado manchados de fuel entre Muros e A Coruña. ¿Qué sentido ten abrir unha pista para limpar 100 metros de praia cando a maior parto do entorno é inaccesible? ¿Imos abrir unha pista cada 50 metros ou imos achaiar tódolos acantilados? ¿Quen é exactamente a persoa que decide se é conveniente abrir unha pista?

3) Dende a **SGO** instase ás administracións competentes a que sexan mobilizados os recursos necesarios para avaliar con rigor e de forma coordinada os efectos do vertido do Prestige sobre as aves e os seus hábitats, tanto a curto como a medio e longo prazo. Neste sentido, particular preocupación merecen especies de particular interese nidificantes nas nosas costas, como o **Corvo Mariño Cristado** e a **Gaivota Patiamarela** (3% e 15% das poboacións mundiais nas costas galegas e maiores poboacións españolas), o **Arao** e a **Gaivota Tridáctila** (100% da poboación española) ou a **Píldora das Dunas** (única poboación no norte de España), así como invernantes con status vulnerable a nivel español como a **Mobella Grande** ou estivais en perigo crítico como o **Furabuchos Balear**. Esta pode ser a oportunidade de comezar os programas de seguimento e investigación dos que adoecen a maior parte das



especies de aves máis ameazadas en Galicia, e que motivaron, por exemplo, que os coñecementos sobre o Arao nas nosas costas sexan practicamente inexistentes. Este estado de cousas, tristemente, non é ningunha novidade, se se ten en conta que nas últimas décadas a conservación da fauna galega non suscitou entre os xestores da conservación da natureza a penas interese e que as súas propostas de conservación foron escasas.

4) A **SGO** mostra o seu estupor ante o feito de que a nefasta xestión do problema do Prestige, en tódolos seus aspectos, non produciu nin unha soa dimisión entre os responsables das administracións estatal ou autonómica. Os responsables de velar pola seguridade, previ-los accidentes, minimiza-los efectos, informar con rigor e corrixi-los danos, cobran moi bos soldos polo seu traballo. Nalgúns casos pode que houbera a mellor das intencións pero o resultado foi malo. O inmediato é marcharse dignamente. Noutros, as intención non foron igual de nobres. O inmediato é marcharse indignamente.

5) Finalmente, a **SGO** entende que nin o accidente nin a xestión posterior do conflito poden tacharse de sorprendentes. Tampouco o litoral galego é xa, por desgracia, o paraíso. A nosa costa foi sistematicamente alterada nas últimas décadas con criterios de conservación erráticos ou sen ningún tipo de criterio e as mostras encóntranse repartidas a centos entre Ribadeo e o Miño. A causa desta situación debe buscarse, ao noso entender, na falla de preparación e de interese dos responsables da conservación da natureza en Galicia. É moi sinxelo demostrar si estamos equivocados. Basta con dar a coñecer o currículo dos cargos que dirixiron, dende os servicios centrais da Xunta de Galicia, ou do antigo ICONA, as liñas prioritarias da conservación nos últimos 30 anos e os seus logros. Fágano.

Mentres tanto, a opinión pública debe saber que sen un cambio radical na política de conservación que se leva a cabo na Comunidade Autónoma, vai ser realmente difícil ver aires novos na natureza galega. Con *Prestige* ou sen *Prestige*.

Compostela 4 de Marzo de 2003

Contacto, José Guitián (981584188).